

CONSELLOS SOBRE CONSUMO RESPONSABLE

NA COCIÑA




- 1 **Pecha a billa** mentres enxaboas os pratos e utiliza a auga so para enxaugalos.
- 2 **Evita que as billas pinguen** cando non as esteas empregando.
- 3 Utiliza o lavalouzas e a lavadora cando estean completamente cheos e utiliza un **programa economizador da auga**.
- 4 **Lava as froitas e verduras nun recipiente** e non baixo a billa aberta. Para desconxelar alimentos podes facer o mesmo.
- 5 **Remolla as potas e tixolas** uns minutos antes de fregalas para evitar o gasto desproporcionado de auga.
- 6 Instala **filtros atomizadores** ou difusores en todas as billas da casa.
- 7 Garda sempre unha **botella de auga fresca na neveira**, evitando deixar correr a auga da billa.
- 8 No momento de ter que investir nos nosos electrodomésticos, **valora o consumo de auga**.

NO BAÑO



- 1 **Pecha a billa** mentres te afeitas, lavas os dentes, a mans, o corpo ou o pelo.
- 2 **Recolle a auga** nun recipiente **mentres se quenta**, poderás darlle outro uso despois.
- 3 **Dúchate en lugar de bañarte** e non esteas demasiado tempo baixo a auga.
- 4 Vixía que a **cisterna do inodoro non pingue**.
- 5 **Instala sistemas economizadores** de dobre descarga ou dobre pulsación (parada voluntaria) e se o inodoro é antigo, introduce unha botella chea de auga ou area na cisterna.
- 6 **Non tires toallíñas**, bastonetes, nin produtos de hixiene íntima polo inodoro. **Lembra o monstro das toallíñas**.



NO XARDÍN



- 1 **Evita as horas de maior evaporación** da auga para regar o xardín e as plantas.
- 2 Elixe **plantas autóctonas** e ten en conta as súas necesidades hídricas.
- 3 **Revisa fugas** en billas, mangueras e bombas de auga.
- 4 Utiliza unha **vasoira para varrer follas** e zonas exteriores **en lugar da manguera**.
- 5 Instala un **depósito para recoller a auga de chuvia** que sae dos canlóns (en casas individuais, acaroadas, terrazas) para dispoñer de auga para regar as plantas.
- 6 Acude a unha estación de **lavado automático de coches en lugar de utilizar a manguera**.
- 7 Baña as túas mascotas nun **terreo que necesite rego**.




NA PISCINA



- 1 **Evita a evaporación da auga** cubrindo a piscina cando sexa posible.
- 2 Comproba que **non haxa fugas** por problemas estruturais e de estanquidade.
- 3 **Manter a auga** na piscina para garantir a propia estrutura do vaso, ademais de non desperdiciar o volume.
- 4 Instala un **botón na ducha** da piscina (para automático).



E LEMBRA PECHAR A CHAVE DE PASO XERAL SE VAS ESTAR VARIOS DÍAS FÓRA DE CASA



CONCELLO DE
ROIS